

Concurso de arquitectura para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística da Panda da Dá

Modificación nas bases do concurso

O Promotor do concurso aprobou o cambio proposto o día 15 de xaneiro de 2025 por parte do Xurado, segundo o recollido no apartado 3 da orde do día desa mesma data.

Como consecuencia desta modificación, os prazos de entrega vense alterados, ampliando o seu período. Neste sentido, o novo prazo de entrega será de 60 días naturais a contar a partir do día seguinte á visita da finca por parte dos equipos seleccionados para desenvolver a 2ª fase do concurso.

“ Acta do día 15 de xaneiro de 2025 - Orde do día

3. Acordo no cambio de calendario:

Os membros do Xurado propoñen ao Promotor do concurso a modificación do apartado 5º das Bases do Proxecto en relación co apartado 10º, relativo ao prazo de entrega dos traballos na 2ª fase do concurso.

O cambio aprobado establece que o prazo de 60 días naturais, inicialmente fixado para comezar o día seguinte ao envío da invitación aos 5 equipos seleccionados (segundo o indicado nos apartados 5º e 10º das Bases), se conte a partir do día seguinte á visita dos 5 equipos seleccionados á finca A Panda da Dá. A data de esta visita está por determinar e dependerá en gran medida das condicións meteorolóxicas.”

Para calquera consulta ou aclaración adicional, os interesados poden dirixirse ao colaborador na organización do concurso a través das canles de comunicación oficiais.

Atentamente,

Colaborador na organización do Concurso